



**Título:** *Prácticas morales: una aproximación a la educación moral*  
**Autor:** Josep M<sup>a</sup> Puig Rovira  
**Editorial:** Paidós, Barcelona, 2003  
**Núm. pp.:** 268  
**Tamaño:** 22 x 13,5

No marco das finalidades do noso sistema educativo aparece como obxectivo fundamental o “pleno desenvolvemento da personalidade do alumno no respecto ós principios democráticos de convivencia e os dereitos e liberdades fundamentais”. Así o recolle a nosa Constitución (art. 27) e se plasma sucesivamente nas diferentes leis orgánicas (LODE, 1985; LOXSE, 1990 e LOCE, 2002).

Esta declaración pon de relevo que a acción educativa transcende a mera aprendizaxe dos contidos das distintas materias curriculares para incidir na formación integral da persoa vinculada a aspectos axiolóxicos.

En síntese, o proceso educativo non pode estar alleo ó tema dos valores. Xunto á preocupación por transmitir as aprendizaxes básicas para interpretar a realidade, debe desenvolver modelos e prácticas de acción moral coa finalidade de conseguir unha educación integral.

O tema da educación moral é unha desas cuestións sometidas a un debate antagónico: educación moral ou formación relixiosa; educación moral específica ou transversalidade dos contidos, etc. Ás veces é unha discusión máis político-ideolóxica ca pragmática. Existe o convencemento de que a educación non consiste soamente en “saber” senón en “ser”. En termos do Informe da Unesco (1996): “aprender a coñecer”, “aprender a facer”, “aprender a vivir xuntos” e “aprender a ser”. Este “aprender a ser” supón unha educación moral que debe estar presente no ámbito educativo como “práctica” global.

A obra do profesor J. M<sup>a</sup> Puig Rovira sobre prácticas morais está baseada en tres motivacións fundamentais. O autor encárgase de manifestalas desde as primeiras páxinas: a primeira motivación consiste en avanzar nunha dirección teórica distinta do paradigma da educación moral como desenvolvemento e entendela como construción simultánea da personali-

dade e do medio. A segunda, máis operativa, pretende avanzar no deseño e aplicación de materiais nas clases recoñecendo a influencia formativa que exerce o clima ou a cultura moral das institucións educativas. Finalmente, parte da convicción de que os principais problemas da educación hoxe (falta de sentido da formación, indisciplina, violencia e fracaso escolar) non poden abordarse de modo correcto unicamente con programas de desenvolvemento das capacidades morais.

O texto, polo tanto, propón un cambio importante na concepción da educación moral tratando de xerar unha nova praxe fundamentada na perspectiva sociocultural en relación con diversas prácticas morais.

No texto podemos atopar tres partes ben diferenciadas que conforman unha obra congruente no seu conxunto e moi operativa pola súas propostas concretas.

Un primeiro capítulo está dedicado a analizar as distintas tradicións éticas desde a ética aristotélica, o utilitarismo e moral kantiana para introducirmos nas éticas modernas (éticas do discurso, ética comunitarista, ética da "compaixón do outro") así como unha análise da psicoloxía cognitivo-evolutiva do desenvolvemento moral (Kohlberg). A crítica global que se fai destas tradicións, recoñecendo tanto os seus méritos como limitacións, consiste basicamente na descontextualización. A proposta alternativa discorre por superar o paradigma da educación moral como "desenvolvemento" ba-

seado na psicoloxía cognitivo-evolutiva para imaxinar un desenvolvemento do suxeito inmerso no medio. É dicir, un "ser constituído socioculturalmente", reflexivo e como forza e axente social significativo e educable a través dos procesos de relación intersubxectiva (inmersión no medio).

A partir destes presupostos o autor organiza unha segunda parte referida ó concepto de "práctica moral". Analiza, en diferentes capítulos (2-5), o concepto de "práctica" nas súas diferentes manifestacións (grupo, clase, práctica social e, fundamentalmente, práctica moral).

Aspecto relevante resulta a análise da práctica moral como maneiras establecidas culturalmente de tratar temas sociais ou persoais coa intención de resolver do modo previsto aquelas situacións vitais que formulan, de forma repetitiva, o mesmo tipo de problemas. Tal práctica moral supón, entre outras dimensións, a acción concertada dos participantes, persegue obxectivos e expresa valores, esixe o dominio de virtudes e forma a personalidade moral.

O estudio das diferentes prácticas que poden ser útiles para a educación ten en conta varios aspectos, e mostra a súa especificidade e operatividade mediante unha serie de exemplos (capítulos 6-9). Entre as prácticas analizadas destacan as de reflexividade, deliberación, virtude e, por último, as prácticas normativas.

O autor sintetiza finalmente toda a súa exposición teórica e propositiva

sobre a práctica da educación moral no último capítulo, o décimo. Opina que o modelo de educación moral debe integrar tanto as prácticas procedementais da ética liberal como as substantivas da ética comunitaria, tratando de reconstruír o “mundo da vida” das escolas, e non propoñendo simples conceptos ou prácticas meramente deliberativas. Xunto ó contacto interpersoal e aplicación de programas os educadores deben xerar formas de convivencia escolar e de aprendizaxe que predispoñan a aprender de acordo con certos principios e valores.

Malia seren todas estas prácticas morais interesantes, o apartado máis extenso corresponde á presentación das de tipo normativo. A razón de ser radica fundamentalmente en que a acción educativa é sempre un “deber ser”. Neste “deber ser” marcamos uns determinados obxectivos —“cómo debe ser a nosa conducta humana”— e necesitamos “unhas indicacións”. Por iso, as normas conteñen unha función prescritiva. Ofrecémos indicacións para ordenar os nosos actos. Ademais, engaden a súa función tanto imperativa como apreciativa. En todo caso, a súa existencia non implica automaticamente o seu cumprimento. De aí a importancia que asumen nunha educación moral práctica como a que se propón neste texto. As normas son o último elo dun proceso de fundamentación dos principios morais, de definición de criterios e valores e cristalización normativa de formas de vida.

A relevancia destas páxinas radica en operativizar os procedementos para unha educación moral centrada nos problemas da vida, do contexto onde os educadores imaxinen e xeren formas de convivencia e aprendizaxe de acordo cuns principios e valores. Os exemplos de práctica propostos son só unha guía, probablemente deberían ser máis numerosos e mellor explicados. En todo caso, trátase dun punto de referencia que entrelaza a reflexión teórica cunha práctica operativa para unha educación moral como construción da personalidade e do medio educativo adecuado.

En resumo, nestas páxinas, máis que as consabidas receitas, o que se ofrece é a fundamentación dunha educación moral distanciada do paradigma da psicoloxía cognitivo-evolutiva do desenvolvemento para considerala como construción simultánea da personalidade e do medio. Nesta interacción entre suxeito e comunidade, mediatizada polas prácticas múltiples de intervención educativa, é onde se xera un espacio de convivencia e un ámbito de valores como substrato esencial para unha educación moral autónoma, conectada tanto coas situacións que se viven no espacio escolar como cos problemas inherentes á realidade no contexto social.

*Agustín Requejo Osorio*  
Universidade de Santiago  
de Compostela